

VI Certame Literario Concello de

Taboada 2026

O Concello de Taboada convoca o **VI Certame Literario**, dirixido a nenos, nenas, mozos, mozas e persoas adultas, co obxectivo de fomentar a creatividade, a lectura e a escrita en lingua galega, dando cabida a todas as idades e niveis de experiencia.

1. Participantes

Poderán participar todas as persoas que o desexen, menores ou maiores de idade, empadroadas ou non no Concello de Taboada, calquera que sexa a súa nacionalidade.

As obras deberán:

- Estar escritas en **lingua galega**.
- Ser **orixinais e inéditas**.
- Non estar publicadas nin premiadas previamente.
- Non estar pendentes de fallo noutros certames nin procesos editoriais.

2. Categorías

Establécense tres categorías:

◇ **Categoría A: de 4 a 10 anos**

- **4 a 6 anos:** historia contada mediante debuxos.
- **7 a 10 anos:** historia con debuxos, podendo incluír palabras ou frases curtas.



- **Extensión máxima:** 2 follas A4.

◇ **Categoría B: de 11 a 17 anos**

- Relato curto ou conto escrito.
- **Extensión máxima:** 6 follas A4.

◇ **Categoría C: maiores de 18 anos**

- Relato curto ou conto escrito.
- **Extensión máxima:** 15 follas A4.

Non se establece unha extensión mínima. O importante é contar unha boa historia.

3. Tema

O tema das obras será **libre**.

4. Formato das obras

As obras poderán presentarse **mecanografadas ou escritas a man**.

4.1. Obras mecanografadas

- Interliñado mínimo de **1,5**.
- Tipo de letra lexible (recoméndase **Arial** ou **Times New Roman**).
- Tamaño de letra **12**.

4.2. Obras manuscritas



- A letra deberá ser **clara e perfectamente lexible**.
- Recoméndase empregar as **plantillas oficiais do certame**, dispoñibles na Biblioteca Municipal e para descarga.
- O texto deberá ser **escaneado ou fotografado con boa calidade** e enviado en formato **PDF**.

4.3. Consideracións xerais

- As páxinas deberán estar **numeradas**.
- Todas as obras levarán unha **portada**, que non computará para a extensión, onde figure:
 - o Título da obra
 - o Alcume do autor/a

O xurado valorará exclusivamente o contido literario. O formato empregado non será obxecto de valoración.

5. Plantillas oficiais do certame

Co fin de facilitar a participación, especialmente de nenos/as, familias, centros educativos e persoas que escriben a man, a organización pon á disposición das persoas participantes **plantillas oficiais**, de uso opcional pero recomendado.

As plantillas inclúen:

- Portada normalizada.
- Páxinas interiores con marxes, liñas e numeración.
- Modelos adaptados ás distintas categorías.



As plantillas poderán descargarse ou solicitarse impresas na **Biblioteca Municipal de Taboada**.

6. Presentación das obras

As obras enviaranse por correo electrónico a:

bibliotecataboada@gmail.com

No asunto do correo indicarse:

“VI Certame Literario – Categoría ___ – Idade”

6.1. Documentación a enviar

Deberán enviarse **dous arquivos en formato PDF**:

Arquivo 1 – OBRA

- Nome do arquivo: **TÍTULO DA OBRA – ALCUME**
- Contido:
 - o Portada
 - o Obra completa
- **Non deberá incluír ningún dato persoal** nin elementos alleos ao texto.

Arquivo 2 – DATOS DO AUTOR/A

- Nome do arquivo: **TÍTULO DA OBRA – ALCUME – DATOS**



- Incluirá:
 - o Título da obra
 - o Alcume
 - o Nome e apelidos
 - o Data de nacemento
 - o Enderezo completo
 - o Teléfono
 - o Correo electrónico

A organización facilita tamén un **modelo de ficha de datos do autor/a** para cubrir.

A falta de datos esenciais poderá supoñer a non admisión da obra.

6.2. Excepción para Categoría A (4–10 anos)

Co fin de facilitar a participación dos máis pequenos, **na Categoría A permitirase o envío dun único arquivo PDF**, que inclúa:

- Portada
- Obra
- Unha última páxina cos datos do autor/a

A organización encargarse de separar os datos persoais antes da valoración polo xurado.

7. Premios

Categoría A (4–10 anos)



- **1º premio:** Lote de libros infantís adaptados á idade da persoa gañadora, cun valor aproximado de **50 €**.
- **2º premio:** Lote de libros infantís adaptados á idade da persoa gañadora, cun valor aproximado de **30 €**.

Os lotes serán seleccionados pola Biblioteca Municipal, tendo en conta a idade e os intereses lectores.

Categoría B (11–17 anos)

- **1º premio:** 70 €
- **2º premio:** 30 €

Categoría C (maiores de 18 anos)

- **1º premio:** 90 €
- **2º premio:** 40 €

Ademais, todas as persoas participantes que asistan á entrega de premios recibirán un **agasallo conmemorativo**.

8. Prazo

O prazo de presentación de orixinais será:

 **Do 28 de marzo ao 11 de maio ás 23:59 h**

9. Xurado e fallo



O xurado estará composto por persoas vencelladas ao ámbito cultural e educativo.

O fallo do xurado será **inapelable** e farase público nun acto de entrega de premios, que será comunicado previamente ás persoas participantes e difundido nas redes sociais municipais.

A data prevista para a resolución será na semana do **17 de maio, Día das Letras Galegas**.

10. Publicación das obras

A organización resérvase o dereito de publicar ou difundir, sen ánimo de lucro, as obras presentadas ao certame, facendo constar sempre a autoría.

11. Aceptación das bases

A participación no VI Certame Literario Concello de Taboadeira implica a aceptación íntegra destas bases, así como das decisións da organización e do xurado.

ANEXO I • CONTIDO DAS PLANTILLAS OFICIAIS

 **Plantilla Categoría A (4–10 anos)**



- Portada: título + alcume
- 1–2 páxinas con:
 - o Espazo amplo para debuxos
 - o Liñas suaves para texto
 - o Numeración automática
- Páxina final opcional para datos do autor/a

Plantilla Categoría B (11–17 anos)

- Portada normalizada
- Páxinas con:
 - o Marxes amplas
 - o Liñas claras
 - o Numeración

Plantilla Categoría C (adultos)

- Portada
- Páxinas tipo relato
- Numeración incluída

Ficha de datos do autor/a

- Documento único para cubrir cos datos persoais



ANEXO II · VERSIÓN SIMPLIFICADA

PARA FAMILIAS E CENTROS

EDUCATIVOS

Quen pode participar? Calquera persoa, de calquera idade, escribindo en galego.

Que hai que presentar?

- Un conto ou historia.



- Tema libre.

Como se entrega?

- Por correo electrónico en PDF.
- Hai plantillas para facilitar o traballo.

Datas importantes

- Do 28 de marzo ao 11 de maio.
- Premios na semana do 17 de maio.

Axuda e dúbidas A Biblioteca Municipal de Taboada ofrece apoio para:

- Uso das plantillas
- Escanear ou crear o PDF
- Resolver dúbidas

 bibliotecataboada@gmail.com

